



DIARIO

7 de maio do 2000

Hoxe foi un día un pouco máxico. Ía camiñando pola rúa e tropecei cun home, mais, cal sería o meu abraio ao erguer a cabeza e ver que era o meu vello amigo Xosé, compañeiro da escola, ao que non vía dende había moitos anos.

Tras moito falar decidímonos volver ver a fin de semana, polo que lle outorguei o meu teléfono para que me puidese chamar.

12 de maio do 2000

Aínda que se faga raro, toda esta semana, botei moito de menos a Xosé, pero por fin hoxe ímonos ver, chamoume hai un anaco e agora marcharei cara o lugar acordado. Os nervios recorren todo o meu corpo e unha estraña sensación mana polas miñas veas.

13 de maio do 2000

Onte foi unha noite marabillosa, xa que, Xosé e mais eu estivemos falando e recordando bos tempos ata altas horas da mañá.

E tras moito parolar, decidimos volvernos ver, mais... na súa voz e mirada, percibín un certo ton de misterio e inqueda.

18 de maio do 2000

¿Cómo saber que aquel ton de misterio e inqueda me ía traer tanta felicidade? Por fin volví quedar con Xosé despois daquela noite misteriosa, e aquel misterio quedou resolto. Hoxe Xosé e mais eu decidimos comezar unha vida xuntos.

Da súa boca non cesavolveríamos de viaxe a un sitio moi especial.

2 de agosto do 2002


Hoxe marchamos de viaxe ¡Por fin unha semana xuntos! A verdade é que ultimamente non nos vemos moito por cuestións laborais. Sinceramente non sei a onde me leva de viaxe, pero non me importa a onde vaíamos se é con el.

10 de agosto do 2002

Fun de viaxe a Roma, Xosé levoume alí, é o mellor esposo do mundo. Levoume ao mellor hotel. A verdade é que nesta viaxe Xosé deume o mellor regalo deste mundo, pronto seremos pais.

13 de decembro do 2002

Hoxe fomos coñecer o sexo da nosa meniña porque... é unha nena. A verdade é que a min non me importaba esta cuestión. A min non, pero a Xosé si, ao chegar á casa, tivemos unha forte discusión por este tema. El non quería unha meniña, di que son máis débiles e choronas, así que petoume, non podía crer o que estaba pasando. Esa inmensa ledicia converteuse en amargura durante un intre.



3 de xaneiro do 2003

É o peor día da miña vida, estou no hospital e o peor é que non é porque vaia ter a miña nena, a miña fermosa criatura, senón porque a perdín... Xosé volveume pegar, pegoume como nunca o fixo ata agora, sempre me dicía que non o ía volver facer e eu críao, e por crelo, matou a miña filla. Vaime ver ao hospital, axeonllouse ante min e pedíume novamente

DIARIO



perdón, que esta vez era de verdade que nunca máis volvería pasar... e eu perdoeino e tomeille a súa palabra, non sei por que, pero fíxeno.

6 de xuño do 2003

Parece que agora Xosé si é capaz de cumprir a promesa; desde que saín do hospital non me volveu pór a man enriba. As cousas agora non son como ao principio, xa non queda nada do que houbo entre nós, pero aínda teño a esperanza de que todo sexa como antes.

4 de febreiro do 2004

Non podo crelo, cando todo parecía recuperar a súa normalidade, pasa isto, Xosé pegoume de novo, non sei por que, comezamos a discutir e pasou.

Hoxe penso pedirlle o divorcio, xa non dou aguantado máis esta situación, mañá mesmo marcharei.

11 de agosto do 2004

Sei que son tonta pero non lle dei pedido o divorcio a Xosé, non fun capaz, por medo quizais, medo a que me petase de novo, pero prometo que, se me peta unha soa vez máis, voume.

O CORREO GALEGO. 12 de novembro do 2004

Unha muller de trinta anos faleceu onte a mans do seu home, Xosé F. A. Segundo nos conta unha veciña, hai máis dun ano que esta muller estaba sendo maltratada. ¿Por que aguantou ese tormento? Agora xa todo está acabado para ela.

¿Cantas mulleres máis teñen que soportar a mesma situación? Algunhas mulleres levan casadas doce anos, doce anos cun home que as maltrata desde o primeiro día.

Axúdalles.

Laura Barreiro, Lorena Castaño, Laura Lorenzo.

DÍA DA VIOLENCIA DE XÉNERO

O pasado día 25 de outubro foron moitos os que participaron de forma voluntaria na confección duna gran alfombra simbólica que cubriu a superficie da praza do obradoiro no día Internacional de non violencia contra as mulleres. A iniciativa desta obra artística veu de man de Luz Darriba que xa hai uns anos cubriu a muralla de Lugo con libros aportados polos distintos centros escolares de toda Galicia.

A alfombra foi confeccionada tanto por voluntarios composteláns como por numerosos voluntarios que querían mostrar o seu descontento contra a violencia de xénero.

Pola nosa parte esperamos que co transcurso dos anos este días vaia desaparecendo e que chegue a súa fin.

Verónica Fernández Vidal
Isabel Sueiro Carrón

